# MEMORIA DE ACTIVIDADES

## ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE TEO

# ANO 2013

Agradecemos a todos os socios, casas comerciais, colaboradores e particulares, así como ás Administracións Públicas e entidades privadas o voso apoio, xa que fixestes posible que pudiésemos mellorar este servizo.

Grazas á vosa colaboración, a favor das persoas con discapacidade intelectual, este proxecto pode ter continuidade no present e futuro.

Dende Aspamite, un ano máis, queremos facervos partícipes a todos das actividades e talleres que, dende a Asociación e o Centro de Día e Centro Ocupacional, realizamos durante o ano 2013. Agardamos que sexa do voso agrado.

**Cestería.**
Participan usuarios dos dous Centros. Este obradoiro de artesanía tradicional é un dos preferidos dos rapaces, e tamén o máis valorado dentro da comunidade debido ao bo resultado dos traballos realizados.

**Encadernación.**
Realízano os usuarios do Centro Ocupacional. É una actividade que require dun alto nivel de execución a nivel manipulativo, polo que as actividades axústanse ás habilidades que poida desenvolver cada un dos participantes.

**Confección de alfombras.**
Participan usuarios dos dous Centros. É unha actividade moi gratificante porque permite ver o traballo realizado nun curto espazo de tempo, ademais de ser unha labor valorada por todos.



**Desenvolvemento das habilidades socio-emocionais.**
Trátase dun curso encamiñado a favorecer intercambios axustados e positivos entre as persoas, que permitan favorecer a súa integración social.

**Orientación temporal e espacial.**
Participan os usuarios do Centro de Día. Saber orientarse no tempo e espazo de forma axeitada xoga un papel moi importante na comprensión dos acontecementos, polo que son actividades que traballamos a diario no Centro.
Nesta sesión de orientación temporal, para celebrar o cambio de estación, trasladámonos a unha praia virtual.

**Habilidades académico-funcionais.**
Participan usuarios dos dous Centros. Realízanse actividades de pre-lectura/ lectura, pre-cálculo/cálculo, pre-escritura/ escritura, adaptadas ao nivel de desenvolvemento

**Adquisición de destrezas para a vida diaria.** A través deste programa mellórase o nivel de autonomía persoal e calidade de vida de todos os usuarios, mediante un proceso de formación e capacitación de hábitos relacionados co aseo, comida, vestimenta, autocoidado, etc..

**Modificación de conducta.**
Este obradoiro favorece o desenvolvemento persoal da área emocional – condutual, e promove a adquisición de habilidades sociais e comunicativas axeitadas.

**Habilidades comunicativas e da linguaxe.**
Neste obradoiro traballamos todas as habilidades relacionadas coa capacidade de expresar e comprender a información, mediante a palabra, falada ou escrita, co fin de favorecer os intercambios co entorno.

**Educación física e Psicomotricidade.**
Dende os centros promovemos a práctica continuada de exercicio físico, posto que proporciona a todos os usuarios importantes beneficios para a súa saúde.

**Expresión plástica**
Comunicar sensacións, percepcións e pensamentos mediante o xogo e a expresión plástica, axuda a fomentar aspectos tan importantes como a creatividade e a expresividade, a participación e a interacción grupal.

**Fisioterapia.**
O servizo de fisioterapia ofrece unha atención especializada para abordar os problemas de movemento e dependencia, proporcionándolles a todos os usuarios unha maior capacitación física.

**Obradoiros de ensartado.**
Mediante o ensartado de abalorios, illadores e outros obxectos conseguimos que os rapaces desenvolvan as habilidades motoras finas e a súa capacidade de concentración.

**Habilidades cognitivas.**
Tratamos de potenciar, reforzar, consolidar os precursores das capacidades mentais que permitan aprender, pensar, razoar, recordar, falar, resolver problemas, etc..

**Estimulación multisensorial.**
A través de estratexias, traballamos as capacidades máis básicas relacionadas cos nosos sentidos (interpretar, reter ou evocar estímulos: visuais, olfativos, auditivos, etc.) Fixemos un taller de froitas de temporada no que descubrimos sabores novos.

**Informática.**
O coñecemento e manexo de Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación axúdanos a potenciar as nosas capacidades a través de programas estructurados.

**Iniciación ao teatro.**
O grupo de teatro do centro, dirixido por Vega Belmonte profesora do Centro Ocupacional, ensaiou durante todo o ano a obra '*E se ten que chover, que chova*', e deleitou coa súa representación ao numeroso público que se achegou ao Hotel Congreso para asistir ao 'XI Concurso de Contos ASPAMITE'.

**Xardinería.**
A xardinería é unha boa terapia por ser un traballo que se realiza ao aire libre e no que se obteñen uns resultados a curto prazo. Todos desfrutamos do contacto coa natureza, tanto dentro como fora do Centro.

**Educación laboral.**
Este ano na área de educación laboral prestamos especial atención aos procedementos de aceso á consecución dun posto de traballo, e información relativa aos procesos de adaptación e mantemento do emprego, coñecemento de distintas profesións, etc. Nesta ocasión entrevistaron á Dra. Ángela Belmonte

**Logopedia.**
O plan de actuación que contempla o servizo de logopedia é un conxunto de actuacions que, partindo dunha avaliación previa, e posterior programación, ten como fin mellorar funcións executivas e lingüísticas dos usuarios con necesidades específicas de apoio.

**Ocio e tempo de lecer.**
A través das actividades de ocio programadas durante todo o ano estimúlase a iniciativa dos rapaces, atendendo así aos seus intereses e preferencias, de forma individual ou grupal, proporcionándolles experiencias novas de desfrute do tempo de lecer.

**Natación.**
Durante todo o ano os rapaces dos dous centros acudiron á piscina municipal da Ramallosa para asistir aos cursos de iniciación e perfecionamento de natación adaptada que imparten nestas instalacións os monitores especializados de Aquafit Gestión.

**Actividades Instrumentais da Vida Diaria. Saída ao supermercado e prácticas de manexo do euro.**
Unha vez ao mes, os usuarios dos centros, acompañados polos docentes, fan unha saída ao supermercado para realizar a compra de forma autónoma e poñer en práctica os seus coñecementos do manexo do euro.

**Terapia Ocupacional.**
O programa ten como obxectivo a consecución do máximo nivel de autonomía e independencia persoal dos usuarios, dando apoio específico ás persoas que máis o necesitan. Para mellorar as súas condicións físicas, cognitivas, sensoriais e psicosociais, entre outras.

**Taller de cociña.**
Divertímonos moito preparando e degustando as distintas receitas que veñen a preparar ao centro familiares e amigos da Asociación, en colaboración cos rapaces. Ademais é unha actividade que nos permite aplicar coñecementos sobre nutrición, saúde e alimentacion.

**Adestramento de fútbol sala.**
A través desta actividade, impartida por monitores da Fundación USC Deportiva, proporcionamos a todos os usuarios unha opción lúdica e motivadora dun deporte que lles gusta practicar. Os adestramentos adáptanse ao nivel e capacidades dos participantes, e sempre que é posible, 'ASPAMITE Fútbol-Sala' compite cos equipos doutras asociacións.

**Educación musical.**
É unha actividade moi motivadora para todo o grupo asistencial. Os rapaces traballan o recoñecemento e clasificación de distintos tipos de instrumentos, explorando as súas posibilidades sonoras e expresivas, coa interpretación de pezas vocais e instrumentais.

**Actividades Instrumentais da Vida Diaria.Taller Habilidades do Fogar.**
Neste taller os rapaces aprenden habilidades relacionadas coa limpeza e organización doméstica. Inclúe: (Tarefas do fogar: facer a cama, barrer, fregar…Coidado da roupa: tender, dobrar e pranchar a roupa… Prevención de riscos no fogar, entre outras.

**Taller de Bricolaxe.**
Da man de Hugo, o noso monitor de bricolaxe, adquirimos coñecementos moi prácticos das técnicas básicas, os materiais e o uso de ferramentas, explicándonos en cada sesión todos os trucos para chegar a facer nós mesmos pequenos arranxos na casa e no centro.

**Actividades Instrumentais da Vida Diaria. Taller de comunicación e transporte e uso dos recursos comunitarios.**
Prácticas de uso do transporte público, compra de billetes, uso do teléfono, etc. Visitas á Biblioteca Pública Anxel Casal, e outros centros culturais.

**Recibimos a visita dos Reis Magos.**
Os Reis Magos do Concello de Teo visitaron ASPAMITE. Foi un encontro emotivo e cheo de sorpresas, xa que trouxeron agasallos para todos os rapaces. Como todos os anos, degustamos o tradicional roscón de Reis.

**VII Circuito Galego de maxia.** Organizado polo concello de Teo, realizouse no Centro Sociocultural da Ramallosa. Durante a tarde deixámonos sorprender polos trucos de maxia destes profesionais do ilusionismo.

**Representación de títeres.** Os usuarios do Centro de Día, dirixidos pola profesora Raquel Vilas, realizaron unha representación de teatro de títeres titulada “Caperuchiña Vermella”. O público que nos acompañou premiou a estes motivados actores e actrices cunha grande ovación para recompensar todo o seu esforzo.

**Participamos no peche das escolas deportivas 2012-2013.**
Don Anxo Rey, Concelleiro de Transportes, Turismo, Emprego e Deportes do Concello, para compensar o esforzo realizado por todos os participantes neste curso, entregou unha medalla e un diploma a cada usuario de Aspamite.

**Asistimos ao VII Festival solidario ANPA Rio Tella.**
Unha tarde de diversión con actuacións como: circo, funky, ximnasia artística e rítmica, entre outras moitas. Grazas a todos por colaborar coa nosa Asociación un ano máis.

**Saída Cultural a Coruña.**
Realizamos unha saída cultural á Coruña para asistir a unha obra de teatro interactivo da compañía de Blanca Marsillach para persoas con discapacidade no Auditorio de Novacaixa-galicia, e a un espectáculo de luz e son protagonizado polos rapaces e rapazas da asociación no Museo de Arte Contemporáneo.

**Mercadiño Solidario.**
Asistimos á feira de segunda man organizada polo Concello, xunto con outras asociacións, para darlle una segunda oportunidade os artigos usados, e así obter una pequena recadación para o financiamento das nosas actividades.

-

**Celebración do Samaín e do magosto.**
Decoramos o centro con cabazas, velas morcegos, etc… e tamén nos disfrazamos. Merendamos unhas ricas castañas asadas, que prepararon os familiares dos rapaces.

**IV Triangular Praiña, Sp.C.**
Organizado polo Clube de Fútbol Paiña, Sp.C. que destinou parte dos beneficios a nosa Asociación. Participaron os equipos: C.D. Ourense, C.D. Boiro e R.C. Celta B.

**Celebración da voda de Eva.**
Con motivo do recente casamento da nosa fisioterapeuta Eva, sorprendémola cunha celebración por todo o alto para festexar ese día especial con ela.

**II Saída cultural a Coruña.** Asistimos a un concerto de blues, convidados polo Museo de Arte Contemporáneo, e desfrutamos dun taller de danza da man da bailarina Carlota Pérez. Foi unha tarde de cultura e entremento.

**Taller de Risoterapia.** Realizamos actividades de exercitación consciente da risa, como estratexia de expresión de necesidades, desexos e sentimentos. Organizado en colaboración co CIM do Concello de Teo, desfrutamos dunha hora e media de risas en boa compañía. Agradecemos a Fani e a Chelo a súa colaboración.

**Teatro de sombras.** As sombras son un vehículo comunicativo, un medio para contar historias máxicas, misteriosas e fantásticas. A profesora Raquel, xunto con Maite e Cristina, persoal en prácticas do centro, representaron un conto para os usuarios do Centro de Día, que todos desfrutamos.

**Asistimos á III Festa da muller e das asociacións.** Participamos neste acto, organizado polas compañeir@s da Asociación Teenses pola Igualdade, ofrecendo unha homenaxe ás nais dos usuarios.

Raquel Vilas, profesora do centro de día, e Vanesa Blanco, usuaria do Centro Ocupacional, deleitáronnos a todos cunha nana de orixe portugués cantada a dúo, 'Dorme, dorme meu menino'. Proxectamos un video con fotografías, titulada 'Nais e nanas', que representaba un momento compartido na intimidade de cada usuario coa súa nai .

Ao rematar o acto a presentadora chamou a todas as nais de ASPAMITE para que recibiran das mans dos seus fillos un agasallo especial. Foi un momento moi emotivo compartido por todos os presentes.

Agradecemos a colaboración desinteresada, e o bo facer, da fotógrafa Minia Banet, quen nos acompañou en todos os desprazamentos para poder realizar este traballo.

**Entroido.**
Celebrámolo durante unha tarde na que nos disfrazamos, degustamos produtos típicos destas datas e non faltou a música para bailar.

**Visita á escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.** Taller de educación laboral: Os usuarios do Centro Ocupacional visitaron a escola de formación 'Mestre Mateo' e puideron asistir a algunhas das súas aulas.

**Obradoiro de cociña ecolóxica.**
Pola mañá recollemos pementos, fresas, tomates e cenoiras nas hortas do Santiso, e ao mediodía, cos produtos recollidos, cada usuario elaborou o seu prato favorito, unha rica pizza. Que ben saben con produtos recén apañados!

**Contacontos en Aspamite.**
Os usuarios dos dous centros desfrutaron dunha tarde de contacontos con Clara de Saa, locutora do espazo da Radio Galega "Convivir en Igualdade'' e autora de "O Samain", conto representado polo persoal de apoio de Aspamite e Raquel Vilas, profesora do Centro de Día, quen presentou 'Sentimientos', unha narración visual.

**Recibimos a visita de Cesareo.**
Césareo, o anterior monitor de educación física, fíxonos unha visita e convidámolo a merendar. Compartimos con el unha tarde de bos recordos e anécdotas.

**Presentación do Libro-cd de Germán Vázquez Soneira.**
Asistimos á presentación do libro-cd de Germán, un bo amigo de todos e colaborador da Asociación, e desfrutamos da súa música en directo. Germán, parabéns por este traballo!

**Salón de beleza e relaxación.**
Convertemos o Centro de Día nun salón de beleza por unha tarde, con sala de espera incluida.
Os usuarios solicitaban o servizo que querían (masaxe, peiteado, manicura,etc..) e as profesoras e persoal de apoio realizaban o demandado. Foi moi divertido!

**Comida de confraternidade.**
Celebrouse no Hotel Congreso, asistiron os usuarios e os seus famililares,o persoal do centro, socios, colaboradores da Asociación e representantes do Concello. Despois da comida despedimos o encontro con música e baile, como é habitual.

**Torneo de fútbol de modestos.**
Competición deportiva, con carácter benéfico, organizada polo Concello de Teo. Disputaron este encontro. SD Cacheiras, SR Calo, Sp.C Praíña, SDC Recesende e CF Rarís. Grazas a todos pola súa colaboración!

**Obradoiro de autocoidado.**
Programa de Habilidades da Vida Diaria. Nesta ocasión, os rapaces do centro de día aprenderon que os pés son unha parte moi importante do corpo, as nosas raices, e que tamén precisan de coidados diarios.

**Campamentos de Verán.**
Os usuarios de Aspamite asistiron aos campamentos de Gandarío para persoas con discapacidade que organiza a Xunta de Galicia.

**Cine no Centro Comercial As Cancelas.**
Asistimos ao estreno da película "Gru 2, mi villano favorito" no centro comercial 'As Cancelas'. Despois tomamos un refresco e demos un paseo para rematar unha tarde de ocio e de lecer en Compostela.

**Compras de Nadal en Santiago.**
Realizamos unha saída a Santiago para ver as rúas e escaparates engalanados para o Nadal. Cada un dos rapaces fixo unha compra navideña para sorprender a súa familia.

**Talleres de animación sociocultural.**
Organizados por Maite e Cristina, rapazas en prácticas do Ciclo de Animación Sociocultural, que durante dous meses programaron diferentes actividades para o disfrute de todos.
As dúas deixáronnos un grato recordo pola súa simpatía e bo facer.

**Celebración da festa de fin de ano.**
Organizamos unha cerimonia de despedida do ano, onde cada Centro realizou varias actuacións. Durante a tarde merendamos con produtos típicos destas datas ao tempo que tomamos as tradicionais uvas, e brindamos, mentres soaban as campás. A festa rematou con música e baile.

**Convocamos e organizamos o acto de entrega de premios do 'XI Concurso de Contos Aspamite'.**
No que, un ano máis, agasallouse aos autores dos contos premiados. Os usuarios dos dous centros participaron na representación da obra de teatro *"E se ten que chover, que chova"*. Tamén contamos coa colaboración desinteresada de Germán V. Soneira para a actuación musical do Centro de Día, e a presenza dos Esfolladores de Illobre.

- **Consellería de Traballo e Benestar** (financiamento do Centro de Día e do Centro Ocupacional).
- **La Voz de Galicia** para colaborar co programa Voz Natura que nos concedeu materiais para o arranxo do xardín.
- **A Deputación de A Coruña**
- **Concello de Teo,** (financiamento do transporte e outras axudas)
- **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Teo.**
- **Fundación José Otero-Carmela Martínez** (axuda económica para natación)
- **Televisión de Galicia**
- **ANPA Rio Tella**
- **COGAMI**
- **Con varias empresas e casas comerciais** da zona que nos axudaron a patrocinar o concurso de contos.

  - Hotel Congreso
  - Muebles Compostela
  - Construcciones Julio Rey
  - Empresa Seoane
  - Novagalicia Banco
  - Inelcea
  - Martinez Montes e Hijos
  - Montajes Fivi
  - Airas Cátering
  - Maquinarias Otero
  - Aluminios Conpeal
  - Vidrieras Compostela
  - Mármoles Alende
  - Limpiezas Milladoiro

- **Outras Asociacións de persoas con discapacidade** (AMIPA, ASPAS,ASPABER,CHAMORRO,ASPRONAGA, APADER, ASPADEX, ASPROMOR, ASPADISOL,PAIMENNI) .
- **Cos Colexios de Educación Primaria de Teo**
- **Asociación Teenses pola Igualdade**
- **Asociación A Regionalista**
- **Praiña Sp. C**
- **Esfolladores de Illobre**

# Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade de Teo

Travesía das Galanas, 71 – Calo
15886 Teo (A Coruña)

Teléfonos 981548701/629322601
aspamite@aspamite.org
www.aspamite.org

www.facebook.com/aspamite

@Aspamite